

Reclamante: [REDACTED]
Expediente **RSCTG 0116/2017**

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

En resposta á reclamación presentada por [REDACTED] en nome e representación [REDACTED], mediante escrito do 21 de novembro de 2017, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta o seguinte acordo:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] en nome e representación [REDACTED] - presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o día 21 de novembro de 2017, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, por entender desestimada unha solicitude de acceso á información por parte da Consellería do Mar.

O escrito viña acompañado de diversa documentación, que tras o seu análise deu lugar a un escrito de emenda da solicitude nos seguintes termos:

“Tras a primeira valoración da súa solicitude xurde a dúbida previa a tramitación, de se existe ou non o exercicio dun dereito de acceso á información.

Pola documentación que se achega a solicitude que presentou na Consellería foi unha “Solicitud de reintegro por alcance de las ayudas públicas por la Federación Gallega de Cofradías de Pescadores (FEGACOPE) y Cofradía de Pescadores de Caión por presuntamente

falsear sus cuentas fiscales de los años 2015, 2016 al evadirse de pagar los tributos del IVE y IS cuyas copias se integran en este escrito en formato pdf.”

Para xustificar estas afirmacións a Plataforma achega a resolución de 13 de xaneiro de 2017 emitida pola propia Consellería na que lle facilitaba a información en relación á Federación Galega de Confrarías de Pescadores, a Confraría de Pescadores de Caión e a Fundación Oceano Vivo. Este documento indica o seguinte:

“Sobre a Federación Galega de Confrarías de Pescadores:

- Constan na Consellería do Mar, na Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, as contas anuais e os orzamentos aprobados da Federación Galega de Confrarías de Pescadores, consonte ao disposto na normativa de aplicación. Achégase copia, como anexo I á presente resolución, das contas anuais correspondentes ao ano 2015, así como dos orzamentos correspondentes ao ano 2017.

- Esta entidade na súa páxina web <http://confrariasgalicia.org/> ten accesible as contas anuais e os seus orzamentos, así como as subvencións percibidas.

- A Federación Galega de Confrarías de Pescadores deposita as súas contas anuais ante o Consello de Contas, polo que tamén poden ser consultadas a través da súa páxina web <http://www.consellodecontas.es/es/menus-consello/sector-publico>.

- As subvencións e/ou axudas recibidas no último exercicio foron as seguintes:

<i>Convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Federación Galega de Confrarías de Pescadores (Gastos correntes) DOG N° 118 do 22.06.2016</i>	<i>70.000 €</i>
<i>Convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Federación Galega de Confrarías de Pescadores (Inversións) DOG N° 194 do 11.10.2016</i>	<i>45.000 €</i>
<i>Proxecto técnico para mellora da xestión e estado ambiental dos recursos biolóxicos.</i>	<i>22.800 €</i>

- Non consta na Consellería do Mar acreditación documental sobre o Imposto do Valor Engadido (IVE) nin sobre o Imposto de Sociedades (IS) por non estar obrigada a entidade a presentar tal documentación.

- Non consta na Consellería do Mar información sobre as indemnizacións por razón do servizo que lle puideran corresponder ao patrón maior e secretario, aínda que poderían deducirse do análise das contas anuais e do orzamento.

Sobre a Confraría de Pescadores de Caión:

- Consta na Consellería do Mar, na Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, as contas anuais e os orzamentos aprobados da Confraría de Pescadores de Caión, consonte ao disposto na normativa de aplicación. Achégase copia, como anexo II á presente resolución, das contas anuais correspondentes ao ano 2015, así como dos orzamentos correspondentes ao ano 2016, estando pendentes de presentar os orzamentos correspondentes ao ano en curso.

- A confraría deposita as súas contas anuais ante o Consello de Contas, polo que poderían ser consultadas a través da súa páxina web <http://www.consellodecontas.es/es/menu-consello/sector-publico>

- As subvencións e/ou axudas recibidas no último exercicio foron as seguintes:

Orde do 1 de agosto de 2016 (DOG do 22.08.2016) Resolución 12.12.2016 :15.600 €

- Non consta na Consellería do Mar acreditación documental sobre o Imposto do Valor Engadido (IVE) nin sobre o Imposto de Sociedades (IS) por non estar obrigada a entidade a presentar tal documentación.

- Non consta na Consellería do Mar as indemnizacións por razón do servizo que lle corresponde ao patrón maior e secretario, aínda que podería deducirse do análise das contas anuais e do orzamento.

Sobre a Fundación Océano Vivo:

- Constan na Consellería do Mar, na Secretaría Xeral Técnica, que exerce as funcións do protectorado, as contas anuais correspondentes ao ano 2015 da Fundación Océano Vivo, consonte ao disposto na normativa de aplicación. Achégase copia das mermas, como anexo III á presente resolución.

- Así mesmo, esta fundación non recibiu por parte desta Consellería ningún tipo de subvención ou axuda no exercicio correspondente ao ano 2016.”

En relación a estes feitos é de indicar que en primeiro lugar a solicitude de reintegro das axudas públicas percibidas pola Federación Galega de Confrarías de Pescadores, e a Confraría de Pescadores de Caión non pode incardinarse dentro do exercicio do dereito de acceso á información, pois non se trata dun contido ou documento existente, se non da realización dunha actividade nova proposta por vostede.

O dereito de acceso a información segundo o artigo 105 da Constitución implica a regulación legal do “acceso da cidadanía aos arquivos e rexistros administrativos, salvo no que afecten á seguridade e defensa do Estado, a averiguación de delitos e a intimidade das persoas”. Este dereito constitucional está desenvolvido legalmente no artigo 13 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, como o acceso aos contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que obren en poder de algún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación deste título e que fosen elaborados ou adquiridos no exercicio das funcións que lle son propias á administración. Porén a petición de reintegro das axudas públicas da Federación Galega de Confrarías de Pescadores e a Confraría de Pescadores de Caión non é un contido ou documento, se non que é unha actuación ex novo que solo se pode realizar no marco da aplicación da lexislación de subvencións e da orde a través da que se outorgaron as ditas axudas ou ben no marco doutras investigacións tramitadas pola facenda pública responsable dos ingresos realizados e mal percibidos polo investigado.

Entrando no análise previa do asunto, a Consellería facilitoulle a información que vostede solicitou e que correspondía as súas competencias. Da outra información sobre impostos, que corresponden á facenda estatal non lle da a información, nin consta que remitise a súa petición ao órgano titular da mesma, mais iso non significa que non estea en poder do órgano a quen lle corresponden en exercicio das súas funcións. Esa cuestión, en vía de recursos podería ser

incardinada dentro do exercicio do dereito de acceso á información, sempre que se cumpran os prazos para recorrer, que deberán ser xustificados e que son os previstos no artigo 20 da Lei 19/2013, do 9 de decembro.

Procede por tanto que clarifique se existe un dereito de acceso á información que non foi satisfeito, en que prazo se realizou a solicitude e ante que administración ou titular da información. Recordándolle que a reutilización da información é un principio regulado, que ten como límite o ordenamento xurídico español e a protección de datos de carácter persoal.

Por isto procedemos a requirirille que aclare se a información que solicita nos termos apuntados, para o que disporá dun prazo de dez días.

No caso de que non achegue as aclaracións requiridas, teráselle por desistido da petición, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos na norma correspondente.¹

A recepción desta solicitude de emenda da solicitude foi o 7 de decembro de 2017.

Cuarto. A plataforma non atendeu ao requirimento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

A lexislación aplicable a este procedemento ven configurada pola citada Lei 19/2013 e pola Lei 1/2016, xunto coa lexislación básica en materia de procedemento administrativo.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo; e o artigo 33 da mesma lei indica que corresponde á Comisión da

¹ Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, artigos 66 e 68

Transparencia, órgano colexiado, a resolución das reclamacións fronte ás resolucións de acceso á información pública que establece o seu artigo 28.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro preceptúa que o procedemento se axustará ao previsto nos números 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro. Esta lei 19/2013, do 9 de decembro sinala que estamos ante unha reclamación con carácter potestativo e previa á impugnación en vía contencioso-administrativa e que se axustará na súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida como *“os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións”*.

O artigo 12 da Lei 19/2013, do 9 de decembro configura o dereito de acceso á información pública de forma ampla, sendo titulares do mesmo todas as persoas. A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro sinala que o solicitante non está obrigada a motivar a súa solicitude de acceso á información (artigo 26.4).

Cuarto. Análise do expediente

O artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro establece que se a solicitude de iniciación non reúne os requisitos que sinala a lexislación específica aplicable, requirírase o interesado para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou xunte os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixer, se terá por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada.

Neste expediente o 4 de decembro de 2017 (recepción da notificación de 7 de decembro de 2017), se solicitou ao reclamante que clarificara que dereito de acceso á información non fora satisfeito en que prazo e a solicitude realizada ante a administración, para o que se lle daba un prazo de dez días.

Xa que logo o reclamante non indicou que dereito de acceso á información non fora satisfeito ante a Comisión da Transparencia.

O artigo 94.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro establece que a Administración aceptará de plano o desistimento, e declarará concluído o procedemento salvo que, persoándose no mesmo terceiros interesados instasen estes a súa continuación no prazo de dez días dende que foran notificados.

En conclusión, a Comisión da Transparencia

ACORDA

En atención aos anteriores antecedentes, fundamentos xurídicos, procede

Único: Arquivar por desistencia e declarar concluído o procedemento.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2018

A presidenta da Comisión da Transparencia

Milagros Otero Parga